



SESION ORDINARIA DE 28 DE XANEIRO DE 2025

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto  
D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D. Miguel Fernández Méndez  
D. Xosé María Arias Fernández  
D. Iván Castro Díaz  
D. Daniel García Fernández  
D. Antonio Ameijide Osorio  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Angel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup> Iria Castro Fernández  
D. Carlos López López  
D. Javier Varela Pérez  
D. Armando Castosa Alvariño  
D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira  
D. Francisco Cajoto Caserío  
D. José Demetrio Salgueiro Rapa  
D. José María Fernández Vázquez  
D. Clemente Iglesias González  
D. Luis Fernández Guitián  
D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno  
D. Héctor Manuel Corujo González

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | <b>Fecha y Hora</b> | 04/02/2025 09:41:29 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | <b>Página</b>       | 1/17                |



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=2>

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.- PROPOSTA DE GOBERNO RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRADA DAS SANCIÓN S Ó S CONCELLOS CON PROBLEMAS PARA CUBRIR A DEMANDA DO SAF E UN NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO QUE GARANTA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno reclamando á Xunta de Galicia a retirada das sanción s ó s concellos con problemas para cubrir a demanda do SAF e un novo plan de financiamento que garanta a prestación do servizo.

As deficiencias na xestión da rede de servizos sociais da Xunta, especialmente no que fai á atención a dependencia, veñen xerando un crecente malestar na sociedade galega. Atrasos de ata dous anos na prestación do servizo, persoas que morren sen chegar a ser mesmo avaliadas ou a falla de prazas de residencias públicas son temas que chegan un día si outro tamén ó s medios de comunicación. Neste pleno asistimos de cotío ó esperpento de escoitar como os voceiros do PP reclaman á Deputación a construción das residencias que debería levantar a Xunta, mentres a administración autonómica leva máis dunha década sen poñer no sistema unha praza pública de residencias.

E agora, nun exemplo de deslealdade institucional e desprezo ó s veciños e veciñas, vemos como a Xunta de Galicia abre expedientes sancionadores a varios concellos –

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 2/17                |





entre eles os de Triacastela, Samos, Pedrafita e Folgoso do Courel- ós que acusa de incumprir a demanda de horas do SAF expresada polos veciños e veciñas. Uns expedientes sancionadores que poden chegar a supoñer multas de ata 20.000 euros para as facendas locais, cantidade que, claro está, sae do peto dos veciños e veciñas, ós que se prexudica así por partida dobre.


Que a Xunta non asuma as súas competencias en política social é un dos factores que está a empeorar de xeito claro a calidade de vida de milleiros de galegos e galegas; dos dependentes non atendidos e das súas familias. Que ademais pretenda sancionar a pequenos concellos en relación ca prestación do SAF, cando a achega económica da Xunta está moi por debaixo do prezo real do servizo, e cando tivo máis dunha década conxelado o Fondo de Cooperación Local, é unha burla inadmisíble.

A atención á dependencia é un dereito universal recoñecido pola Lei 39/2006 de 14 de decembro. E cumpre que a Administración autonómica asuma a súa obriga de financiar o sistema tal e como indica o artigo 32 desa lei. Alén dos imperativos legais, o sentido común indica a necesidade de prestar atención especial ás necesidades dos concellos máis pequenos, especialmente ós de carácter rural, onde cuestións como a perda de poboación, o envellecemento da mesma ou o modelo de ocupación dispersa do territorio, condicionan, encarecen e dificultan a prestación do servizo.

Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que archive os expedientes sancionadores abertos ós concellos de Triacastela, Samos, Pedrafita e Folgoso do Courel relacionados ca cobertura da demanda de horas do SAF neses concellos.
- Que suspenda *sine die* a política de sancións ós concellos que non poden atender actualmente o incremento de demanda das horas do SAF
- Que abra un proceso de análise e negociación ca FEGAMP para modificar o financiamento do SAF tendo en conta as demandas dos concellos, especialmente:
  - a necesidade de incrementar o prezo por hora pagado pola Xunta, pasando de 12 a 20 euros
  - incrementar os servizos de valoración da dependencia para reducir as listas de espera

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 3/17                |



- analizar o envellecemento e a perda de poboación dos concellos do rural para desenvolver medidas específicas que permitan contar con persoal cualificado para desenvolver este servizo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial Popular, preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón substituir o texto da proposta de acordo formulada polo seguinte texto:

“Demandar ao Goberno de España o cumprimento da súa obriga de cofinanciar nun 50% a atención á dependencia, tal e como establece a normativa neste eido”.

A emenda é rexeitada polos Grupos proponentes da proposta.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=3>

### **3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA A REPARACIÓN DA ESTRADA LU-651 E UN PLAN INTEGRAL DE MELLORA PARA AS VÍAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA NA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | <b>Fecha y Hora</b> | 04/02/2025 09:41:29 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | <b>Página</b>       | 4/17                |





“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista, reclamando á Xunta de Galicia a reparación da estrada LU-651 e un plan integral de mellora para as vías de titularidade autonómica na provincia de Lugo.

Cando o luns 21 de marzo de 2022 afundían en Folgoso do Courel 200 metros da estrada Lu-651 por mor dun corremento de terras, nada facía pensar que un incidente aparentemente sinxelo de resolver tornaría nun símbolo da falla de compromiso da administración da Xunta cas infraestruturas da provincia de Lugo. Dous anos e dez meses despois, veciños e veciñas seguen sen recuperar a conexión viaria, e os vehículos deben transitar por un desvío provisional cun 15% de pendente, desvío provisional que vai camiño de converter en permanente.

Nos 34 meses transcorridos dende marzo de 2022, os populares lucenses, e a propia Xunta, encheron a boca esixindo rapidez na reparación do afundido viaduto do Castro. Un viaduto levantado por un goberno do PP, e reparado xa, por certo, polo actual executivo de Pedro Sánchez. Porque no tempo no que unha administración socialista recupera quilómetros de pontes e autovía, unha administración popular non foi quen de reconstruír nen un metro de estrada en Folgoso.

Nestes case tres anos, os populares lucenses non deixaron de denunciar de xeito reiterado o suposto mal estado e falla de investimento na rede provincial de estradas. Reclamando en moitos casos obras que xa estaban licitadas ou en marcha, e calando ante o esforzo orzamentario que ten incrementado nun 42%, ata os 27M€, os fondos adicados á rede viaria provincial.

Nun exercicio de funambulismo político, o PP da provincia fixo equilibrios para criticar ó Goberno do Estado e á Deputación, sen mencionar o abandono da estrada de Folgoso do Courel. Mentres Goberno e Deputación apostaban pola mobilidade, con feitos, investimentos e prazos cumpridos, a mensaxe que a Xunta lle lanza ós veciños do rural e que, se teñen a mala sorte de quedar sen estrada, pois poden preparar para quedar incomunicados o tempo que a administración autonómica estime conveniente.

No caso da LU-651, a Xunta tardou 44 días en preparar un trazado alternativo, e logo de case que tres anos de desatención ós veciños, o pasado día 17 se anunciaban os actos de expropiación para poder recuperar a estrada. Está claro que a celeridade e a dilixencia que os populares lle reclaman ós demais, non é a que aplican a si mesmos.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 5/17                |



O acceso a infraestruturas de calidade non é só un dereito dos veciños e veciñas de Lugo. É unha ferramenta indispensable para frear o despoboamento do rural, para fomentar a cohesión interterritorial e para impulsar o desenvolvemento económico. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- A reparación da estrada LU-651, tanto no que fai á reparación do tramo afundido en 2022 en Folgoso do Courel como no conxunto de deficiencias detectadas no resto do seu trazado.
- A elaboración dun plan integral de mellora das vías de titularidade autonómica na provincia de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=4>


#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A CUBRIR DE XEITO ESTABLE E CONTINUO AS PRAZAS DE MEDICINA FAMILIAR EN RIOTORTO E OUROL**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 6/17                |





provincial, a seguinte moción para instar á Xunta de Galiza a cubrir de xeito estable e continuo as prazas de medicina familiar en Riotorto e Ourol

*Exposición de Motivos:*

O deterioro do atención primaria é unha evidencia en todo o país, con falta de facultativos de medicina familiar e pediatría recorrentes nos centros de saúde. As políticas aplicadas pola Xunta de Galicia nos últimos quince anos conduciron a unha escaseza de profesionais con consecuencias evidentes neste servizo sanitario.

A problemática que sufren veciñas e veciños de moitos concellos, con prazas vacantes e ausencias de profesionais que non se cubren, acentúase en concellos como os de Riotorto ou Ourol que non teñen cuberta de forma estable e a tempo completo ningunha das prazas de medicina familiar que lles corresponden.

No caso de Riotorto, con dúas prazas asignadas, unha delas leva máis de catro anos sen cubrir. A outra quedou vacante a mediados de novembro. A atención médica en Riotorto redúcese a unhas horas ao día, en franxas horarias variables e, a miúdo, por profesionais diferentes. En Ourol, con unha praza de médico tamén vacante, o centro médico só contará cun profesional de medicina familiar seis días ao longo deste mes de xaneiro.

Alén das consecuencias sobre as condicións de traballo das facultativas e facultativos, esta atención parcial impide que o servizo se preste nas condicións de continuidade e proximidade que debe ofrecer a atención primaria. Ademais de alongarse as esperas para as citas, dificultase o seguimento da situación dos pacientes ou as consultas nos domicilios, que resultan especialmente necesarias en concellos cun índice de envellecemento e unha dispersión poboacional como os que citamos.


A falta de información á veciñanza e a incerteza sobre os horarios nos propios centros de saúde provocan ademais que as e os pacientes recurran aos Puntos de Atención Continuada como alternativa para recibir atención.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte acordo:

Esixir á Xunta de Galiza que cubra de xeito estable e contínuo as prazas de médico de Riotorto e Ourol”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Clemente

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 7/17                |



Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=5>

### **5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A GARANTIR O ACCESO Á VIVENDA DOS GALEGOS E AS GALEGAS CUNHA NOVA POLÍTICA SOCIAL AMBICIOSA E REALISTA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para instar á Xunta de Galiza a garantir o acceso á vivenda dos galegos e as galegas cunha nova política social ambiciosa e realista.


#### *Exposición de Motivos*

Mellorar o acceso á vivenda dos galegos e as galegas debera ser unha das prioridades do goberno da Xunta de Galiza de querer avanzar nunha nova política social ambiciosa e realista, colocando ás persoas no centro e evitando que a mocidade vexa a súa necesaria emancipación como unha misión case que imposible.

Para acadar isto entendemos que é necesario un novo modelo baseado en tres grandes eixos: aumentar o parque público e estender a perpetuidade a cualificación de toda a vivenda protexida; intervir no mercado libre para limitar o prezo do aluguer; e establecer unha rede de protección social que garanta que ninguén se queda na rúa sen un teito baixo o que vivir.

Xa está máis que demostrado que non é certa a tese do Partido Popular de que o problema dos prezos se resolve exclusivamente pola vía do incremento da oferta. O certo é que nunca tanta vivenda houbo e nunca tan difícil foi acceder a ela. Faise necesario atallar os factores que inflúen na suba do prezo, cunha intervención directa

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 8/17                |







no mercado. Tense que garantir que ninguén pase polo drama de quedarse na rúa, desaloxado por impagos ou por incapacidade de facer fronte ao alugueiro. Deben establecerse as prestacións e as redes de apoio necesarias pra evitar a perda da vivenda ou a exclusión residencial.

O Partido Popular, dende a Xunta, pasouse os últimos 15 anos dinamitando as políticas sociais de vivenda, polo que é a súa responsabilidade reconducir esta situación e posibilitar que familias, mocidade e persoas con rendas baixas poidan acceder a unha vivenda digna.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

- Instar á Xunta de Galiza a aumentar o parque público de vivenda e a estender a perpetuidade a cualificación de toda a vivenda protexida.
- Instar á Xunta de Galiza a intervir no mercado libre para limitar o prezo do alugueiro coa adopción dunhas medidas claras.
- Instar á Xunta de Galiza a establecer unha rede de protección social que garanta que ninguén se queda na rúa sen un teito baixo o que vivir”.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=6>

**6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA A CREACIÓN DUNHA MESA DE TRABAJO PARA O REPARTO IGUALITARIO DOS MEDIOS DO PARQUE MÓBIL DE CARA A REALIZAR TAREFAS DE MANTEMENTO NAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 9/17                |



Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular indicada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para a creación dunha mesa de traballo para o reparto igualitario dos medios do Parque Móbil de cara a realizar tarefas de mantemento nas vías de titularidade municipal nos concellos da provincia

*Exposición de Motivos.*

Unha das competencias propias da Deputación Provincial é a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión, segundo o artigo 36.1.b) da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*


Está claro que as infraestruturas de comunicación son fundamentais para o desenvolvemento social, económico e turístico da provincia e, por extensión, de cada un dos seus concellos. Precisamente por elo, a Deputación de Lugo dispón de recursos económicos, materiais (maquinaria e equipamentos) e humanos no parque móbil provincial para o desenvolvemento de funcións propias do mantemento de vías.

Parece obvio que a institución provincial pode e debe destinar unha cantidade suficiente do seu orzamento a garantir o correcto mantemento da rede viaria da súa titularidade; pero non debe esquecer que o parque móbil provincial dispón de medios cos que todos os Concellos da provincia deben poder contar para realizar o correcto mantemento e arranxo das vías municipais, e que este é outro dos modo de asistir e cooperar cos concellos.

A solidariedade entre os concellos da provincia é tamén un dos principios que debера rexer a Deputación de Lugo. Así, o reparto e uso destes medios provinciais por parte dos distintos Concellos da provincia para garantir a seguridade na rede de estradas de todo o territorio debería guiarse por criterios obxectivos e igualitarios.

Á vista das reiteradas queixas de moitos alcaldes, é preciso facilitar un procedemento xusto, público e transparente para a posta a disposición dos medios cos que se conta no parque móbil provincial especialmente a todos os municipios cunha poboación

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 10/17               |





inferior aos 20.000 habitantes, xa que a optimización dos recursos pasa, entre outras medidas, pola coordinación e polo necesario entendemento entre administracións.

Tendo en conta esta falta de planificación e o descoñecemento dos criterios de distribución, é necesario que a entidade provincial, en beneficio do interese xeral de todos os veciños da provincia, actúe de xeito transparente á hora de asistir aos Concellos da provincia para arranxar incidencias nas estradas municipais, fundamentalmente no que respecta á reparación do asfaltado e aos traballos de limpeza das vías.


Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación da Lugo insta ao goberno provincial a:

1. Convocar, no prazo máximo dun mes, unha mesa de traballo, coa participación de todos os grupos, para que o Goberno provincial poida coordinar o traballo dos distintos equipos do Parque móbil provincial, tendo en conta as conclusións da citada mesa:
  - Analizar os concellos cos que colaborou a Deputación Provincial de Lugo no arranxo e mantemento da rede viaria nos últimos catro anos.
  - Elaboración dun informe de necesidades por municipios priorizando as máis urxentes por motivos de seguridade ou por menor presenza ou colaboración dos equipos do Parque móbil nos últimos anos.
2. Convocar, cunha periodicidade de tres meses, esta mesa de traballo.
3. Deseñar un plan de colaboración cos Concellos para poñer a disposición de todos os municipios da provincia os medios existentes no parque móbil provincial en base a criterios obxectivos e igualitarios, con total transparencia e publicidade, para que á hora de programar o traballo do parque móbil teñan preferencia aqueles municipios nos que nunca se actuara ou se fixera na data máis afastada dende a súa posta en marcha, ou por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío, e D<sup>a</sup>. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 11/17               |



Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=7>

## **7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A DIRIXIR 250.000 EUROS PARA A REHABILITACIÓN DA CASONA DO INCIO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a dirixir 250.000 euros para a rehabilitación da Casona do Incio


### *Exposición de Motivos*

O goberno da Deputación de Lugo, actual propietaria dun inmovible situado no casco urbano da Cruz do Incio coñecido como ‘A Casona’, anunciaba en marzo do 2015 o inicio inminente das obras para a súa rehabilitación para o que contaría cun orzamento inicial de 250.000 euros.

Todos podemos comprobar que o inmovible non foi rehabilitado como se prometera e que, case dez anos despois, o seu estado é de total abandono e ruína.

Neste tempo, foron varias as iniciativas tanto dos propios veciños como do Partido Popular para reivindicar a rehabilitación do inmovible. Os propios veciños do Incio se concentraron en agosto do 2018 con este fin. E, entre outras iniciativas, o Grupo Provincial Popular conseguía aprobar por unanimidade no pleno da Corporación

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 12/17               |





Provincial celebrado en xullo do 2021 unha iniciativa para instar ao equipo de goberno provincial a realizar a rehabilitación integral do inmovible propiedade da Deputación de Lugo.

O acordo aprobado foi o seguinte:

*"I. O Pleno da Deputación insta ao goberno provincial a realizar traballos de consolidación e mantemento que garantan a integridade estrutural da Casona do Incio de acordo coas indicacións dos servizos técnicos da institución.*

*II. A rehabilitación integral do edificio quedará supeditada ao deseño dun proxecto de uso que teña en conta a utilidade pública do edificio".*

Dende esa data ata a actualidade pasaron 3 anos e medio e o único que se fixo por parte deste goberno provincial foi apuntalar o inmovible, dando así cumprimento a unha parte do primeiro punto do acordo; pero obviando o máis importante: evitar que o edificio siga a deteriorarse e recuperalo para o seu uso público.


No pleno da Corporación Provincial celebrado en novembro do 2024, o goberno provincial -nunha resposta a unha pregunta do Grupo Provincial Popular- explicaba a súa proposta para a cesión gratuíta da Casona por parte da Deputación de Lugo ao Concello do Incio para o uso que considerara oportuno. Nese momento, o alcalde e deputado do Grupo Provincial Popular amosou a súa vontade para negociar, sempre que se acometeran obras para a mellora do estado do inmovible.

O 30 de decembro do 2024, o Pleno do Concello do Incio aprobaba por unanimidade unha iniciativa do Grupo Municipal Socialista para reclamar a cesión da Casona da Cruz do Incio ofrecida pola Deputación de Lugo e pedir a outras administracións fondos para a súa rehabilitación cunha emenda de engádegas do grupo de goberno para solicitar que a Deputación Provincial achegue os fondos pendentes comprometidos xa no ano 2015. Esta moción acordaba de xeito literal:

- *Instar ao Concello a aceptar a oferta de cesión da Casona da Cruz do Incio feita pola Deputación, para que este ben inmovible pase a titularidade municipal. Esta cesión virá acompañada de 250.000 euros da Deputación Provincial de Lugo, cifra que se comprometeu a dotar en 2015 (publicado na web do ente provincial o 20/03/2015).*
- *Instar ao Concello a deseñar un proxecto de uso público do edificio que beneficie ó conxunto da veciñanza.*
- *Instar ao Concello a reclamar ás distintas administracións os fondos necesarios para Concello O Incio rehabilitar a Casona da Cruz do Incio na liña que permita desenvolver o proxecto antes citado".*

Á vista da unanimidade acadada neste pleno municipal, dende o Grupo provincial Popular consideramos conveniente dar continuidade e resposta ao mesmo, por elo

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 13/17               |



pedimos a Deputación Provincial de Lugo que asuma como propio o acordo impulsado polo Grupo Municipal Socialista no Concello de Incio, iniciando de xeito inmediato a cesión ao Concello do Incio, a título gratuito, do inmovible coñecido como A Casona, acompañando esta cesión dunha axuda dende a institución provincial de 250.000€ para colaborar na posta en marcha deste ben para o uso público dos veciños.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a:

Iniciar de xeito inmediato os trámites oportunos para a cesión gratuita para o Concello do Incio do inmovible coñecido como a Casona, para o deseño e posta en marcha, por parte do citado Concello, dun proxecto de uso público que beneficie ao conxunto da veciñanza. Esta cesión irá acompañada dunha aportación de 250.000€ de axuda da Deputación Provincial de Lugo ao proxecto, de acordo coa cifra comprometida en 2015 e ratificada unanimemente por acordo plenario no Pleno do Concello de Incio o 30 de decembro de 2024”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío, e D<sup>a</sup>. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, que textualmente di o seguinte:


“Substituír o punto de acordo da proposta presentada polo seguinte:

*Punto de acordo:*

Instar ó Concello do Incio a elaborar un proxecto de uso público para a Casona do Incio que beneficie ó conxunto da veciñanza e a presentalo na Deputación de Lugo, co obxectivo de que a institución provincial valore a idoneidade da súa cesión gratuita e que a Xunta de Galicia financie a súa rehabilitación”.

A emenda é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 14/17               |





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=8>

### **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

#### **8.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta de decembro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 5495 ao 6073. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=9>

#### **9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=10>

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

### **R O G O S**

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a acondicionamento e drenaxe da LU-P-3103, que di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | <b>Fecha y Hora</b> | 04/02/2025 09:41:29 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | <b>Página</b>       | 15/17               |



Máis de 260 veciños e veciñas, a través dunha recollida de firmas impulsadas pola Asociación de Veciños de Santa María Maior, reclaman que a Deputación de Lugo acondicione axeitadamente a drenaxe da estrada provincial LU-P-3103 ao seu paso pola parroquia de Santa María Maior; toda vez que dende o pasado 1 de xaneiro de 2023 permanece rota a canalización provocando inundacións en propiedades, vivendas e tamén na propia estrada provincial cada vez que se rexistran intensas choivas.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Atenda a reclamación dos vecinos e veciñas adoptando as medidas oportunas para reparar as canalizacións de drenaxe lonxitudinal e transversal da auga de escorrentía nesta vía provincial, que se reparen os danos causados ao firme da estrada e que se leve a cabo un mantemento axeitado das cunetas para que non se repitan feitos como os sufridos durante estes anos”.

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á estrada provincial LU-P-1409, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada provincial LU-P-1409 que comunica Quindous con Robledo no municipio de Cervantes, presenta numerosos puntos perigosos ao longo dos seus máis de 12 quilómetros de lonxitude; xa que hai moitas localizacións nas que non hai ningún tipo de elemento de seguridade ou bionda que poida evitar caídas por taludes de varias decenas de metros.


Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo realice un estudo dos puntos da rede viaria provincial con risco de caídas por desniveis e desenvolva un plan para a colocación de elementos que garantan a seguridade dos seus usuarios facendo especial fincapé nos puntos de especial perigosidade como os desta estrada provincial LU-P-1409 no termo municipal de Cervantes”.

## PREGUNTAS

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao matadoiro de Sarria, que textualmente di o seguinte:

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | Fecha y Hora | 04/02/2025 09:41:29 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |              |                     |
| Firmado por         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | Página       | 16/17               |







“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo ofrecía unha colaboración anual de 50.000 euros para axudar a paliar o déficit do servizo do matadoiro municipal de Sarria no marco dunha reunión cos alcaldes da comarca o pasado 20 de novembro de 2024.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que pasos deu a Deputación de Lugo para facer efectiva a axuda anual ofrecida para o matadoiro de Sarria?”.

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a aprobación de convenio co concello de Pol, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A Xunta de Goberno aprobou na sesión do día 5 de decembro de 2025 o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de edificación para edificación multiusos e acondicionamento de supermercado, ano 2024”.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que criterios se aplicaron para a aprobación do convenio co Concello de Pol para a compra dun supermercado?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250128&punto=11>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

|                            |   |                     |                     |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
|                            | IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ  | <b>Fecha y Hora</b> | 04/02/2025 09:41:29 |
| <b>Normativa</b>           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO   |                     |                     |
| <b>Firmado por</b>         | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)   |                     |                     |
| <b>Url de verificación</b> | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VELJPBZ7ZL36JWHWG757QGQ</a>   | <b>Página</b>       | 17/17               |

